

FORMACIÓN PARA O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

PLAN 2017

Ademais da dobre consideración da formación nos Estatutos da Universidade de Vigo como dereito e como obriga do conxunto do persoal de administración e servizos, aquela constitúe unha necesidade e un instrumento imprescindible cara a configuración dunha administración moderna, eficaz, responsable e orientada aos seus usuarios.

Precisamente, pola súa natureza de servizo público debe servir a unha realidade social cambiante, en evolución, que muda as súas demandas e os seus requirimentos, polo que resulta imprescindible que tamén a institución evolucione nas súas formas de prestación do servizo, nas súas técnicas de xestión e de comunicación.

Aliñado con todo isto se deseña o Plan de Formación 2017 para o PAS da Universidade de Vigo, que conxuga ademais as necesidades concretas dos seus traballadores e o carácter de utilidade e aplicabilidade ao posto de traballo, premisas baixo as que se incorporan as proposicións de cursos e accións formativas realizadas polos responsables das respectivas unidades, polos órganos de representación dos empregados públicos e polas que estes, de xeito individual, achegaron unha vez estudadas e avaliadas pola Comisión de Formación, incluíndo tamén as actividades que en anteriores edicións xeraron unha lista de espera.

Configúrase un plan cun valor instrumental claro de cara á motivación e integración dos empregados públicos, de progreso persoal e profesional e de adquisición de competencias específicas e transversais. Consólidase a modalidade de teleformación, que vén amosando o seu potencial para superar barreiras espaciais e temporais, para facilitar o acceso á formación especialmente ao persoal que ve a súa asistencia acondicionada por obrigas laborais, así como outras alleas a este ámbito, ao

tempo que posibilita que a oferta formativa chegue a destinatarios que doutro xeito resultarían excluídos.

Non se debe esquecer o carácter flexible do Plan de Formación, característica consonte a que a relación de actividades poden ampliarse por unha beira, coas que podan incorporarse ao longo da súa vixencia, ben a iniciativa da Xerencia, ben do persoal e por outra, polas accións encadradas como formación externa, que se poden solicitar de acordo cos criterios que máis abaixo se indican.

Nos cursos de carácter transversal ou xeralista, é dicir, aqueles destinados ao conxunto do PAS ou ben a un amplo abano de traballadores, as solicitudes deberán acompañarse dun INFORME RAZOADO, emitido pola persoa responsable, relativo á súa conveniencia, oportunidade e/ou necesidade en relación directa coas funcións, requirimentos e responsabilidades do seu posto de traballo, que constituirá o criterio preferente de admisión, sen que en ningún caso e por si mesmo a non presentación supoña motivo de exclusión.

As convocatorias de cada actividade formativa publicaranse na páxina electrónica do Servizo de PAS, no epígrafe de *Formación* http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/formacion/, e tamén se comunicarán na lista de correo electrónico *Avisos*, para lle dar a máxima divulgación.

Formación externa

De acordo co establecido no Regulamento de Formación do PAS, a Xerencia poderá autorizar a asistencia a aquelas actividades, que pola súa especificidade ou número de persoas destinatarias, son organizadas e realizadas fora da Universidade de Vigo.

Deste xeito, calquera persoa interesada pode presentar unha solicitude, acompañada dun informe favorable do responsable da súa unidade, no que debe quedar xustificada a adecuación da formación proposta ás funcións do posto, ao nivel de responsabilidade, o seu interese e/ou conveniencia; ademais, debe acompañarse da documentación relativa á actividade: programa, profesorado, matrícula, custe aproximado e entidade organizadora.

Cursos de idiomas estranxeiros

Desenvolveranse atendendo aos seguintes criterios:

1. Con carácter preferente a aprendizaxe de idiomas estranxeiros realizarase mediante a inscrición no Centro de Linguas da Universidade de Vigo, abonándose os gastos de matrícula sempre que se considere necesario e/ou conveniente para o posto de traballo e se dispoña do informe favorable da persoa que ostente a xefatura da unidade. Abonarase unha única matrícula por nivel.
2. Os cursos deberán realizarse fóra do horario laboral. Noutro caso, deberá ser autorizado pola Xerencia e implicará a recuperación do tempo non traballado.
3. Con carácter xeral, financiarase a asistencia a cursos de inglés ata o nivel B2. Só excepcionalmente e sempre en atención aos requirimentos actuais ou previsibles do posto de traballo, abonarase a matrícula en cursos de idiomas distintos do inglés e nun nivel superior ao indicado.
4. Con independencia do anterior, poderanse organizar cursos de inglés dirixidos a determinados colectivos do PAS, como resultado de requirimentos legais, de detección de necesidades específicas ou para a adaptación e mellora dos procesos de calidade e acreditación. Nestes casos realizaranse en horario de traballo, tratando de ofrecer iguais oportunidades con independencia da quenda.

Coa finalidade de promover o coñecemento do inglés entre o PAS, durante o ano 2017 a Xerencia garantirá a asistencia aos cursos de inglés de nivel A1 convocados polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo sempre que exista un número mínimo de solicitantes, que será de 5 nos Campus de Ourense e Pontevedra e de 7 no Campus de Vigo. Dado o esforzo orzamentario deste medida, as renuncias inxustificadas impedirán a quen as formule beneficiarse de matrícula gratuíta en cursos de idiomas nos seguintes tres anos.

Igualmente, en función da demanda e da avaliación dos cursos xa convocados ou programados, continuarase coa oferta formativa dirixida ao persoal funcionario dos subgrupos de titulación afectados, para acadar o nivel de coñecemento de inglés requirido para certos postos na actual relación de postos de traballo do PAS funcionario.

Outros cursos da UVI

Aquelas persoas que téndoo solicitado e cumprindo os requisitos non resulten admitidas nalgún curso dos incluídos neste Plan e non se prevea realizar outra edición a curto ou medio prazo, poden solicitar o pagamento da matrícula dun curso de natureza, duración e características similares que poda organizar outra área da Universidade de Vigo, e que con carácter xeral se desenvolva fóra da súa xornada de traballo. As solicitudes dirixíranse á Xerencia acompañadas da documentación da actividade que se pretende realizar.